



**MATERIAL DE ORIENTACIÓN ACADÉMICA PARA O ALUMNADO DE 3º DE ESO
E AS FAMILIAS**

IES PINTOR COLMEIRO CURSO 2018/2019 (XUÑO)

PROMOCIÓN DE 3º A 4º DE ESO

Promocionarás a 4º de ESO se tes todo aprobado ou tes unha ou dúas materias pendentes (sempre que non sexan Lingua Galega e Matemáticas ou Lingua Castelá e Matemáticas). Se estás repetindo, tamén promocionas (aínda que che queden materias pendentes).

QUE SE ESTUDA EN 4º DE ESO? DÚAS OPCIONS

Opción de ensinanzas académicas para a iniciación ao Bacharelato	Opción de ensinanzas aplicadas para a iniciación á Formación Profesional.
Materias troncais	
a) Xeografía e Historia. b) Lingua Castelá e Literatura. c) Lingua e Lit. Galega. d) Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas e) Primeira Lingua Estranxeira (Inglés). f) Elixir dúas materias de entre as seguintes: Economía Física e Química Bioloxía e Xeoloxía Latín	a) Xeografía e Historia. b) Lingua Castelá e Literatura. c) Lingua e Lit. Galega. d) Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas e) Primeira Lingua Estranxeira. f) Elixir dúas materias destas: Ciencias Aplicadas á Actividade Profesional Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial Tecnoloxía
Materias específicas	
a) Educación Física. b) Relixión ou Valores Éticos. c) Dúas materias das seguintes: Cultura Científica Cultura Clásica Filosofía Música Segunda Lingua Estranxeira Tecnoloxías da Información e da Comunicación Educación Plástica, Visual e Audiovisual	

Tamén podes escoller unha materia do bloque de materias troncais non cursada polo alumno ou alumna: [Economía](#), [Física e Química](#), [Bioloxía e Xeoloxía](#), [Latín](#), [Ciencias Aplicadas á Actividade Profesional](#), [Tecnoloxía](#) ou [Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial](#).

REMATANDO A EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

CONDICIÓN DE TITULACIÓN en 4º ESO:

Titula en xuño: o alumnado que aprobe todas as materias de 4º de ESO (e as pendentes, se é o caso).

Titula en setembro: o alumnado que, **tralas probas extraordinarias**, aprobe todas as materias.

Tamén **poderá titular** aquel alumnado que, **unha vez realizadas as probas extraordinarias** suspenda unha ou dúas materias, sempre que non sexan L Galega e Matemáticas **ou** L Castelá e Matemáticas.

A Proba de Avaliación Final da ESO, de momento, non se aplica de forma obrigatoria a todos os alumnos/as.

Matrícula de Honra: poderás conseguir este recoñecemento se ao rematar 4º de ESO tes unha media, no conxunto dos catro cursos da ESO, igual ou superior a 9.

ALTERNATIVAS AO FINALIZAR A ESO

NO CASO DE OBTENER O TÍTULO:

- BACHARELATO
- CICLOS FORMATIVOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL, ARTES PLÁSTICAS E DESEÑO, DEPORTIVAS....

BACHARELATO

Comprende dous cursos académicos e poderás permanecer cursando bacharelato no réxime ordinario, con carácter xeral, un máximo de catro anos, consecutivos ou non.

Estrutúrase en tres modalidades: ARTES, CIENCIAS, HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS.

Artes OFERTASE ESTA MODALIDADE DE BAC NO IES RAMÓN M^a ALLER ULLOA (LALIN).

E se te arrepintes e queres cambiar **de modalidade**? Unha vez cursado o 1º curso de BAC, podes solicitar un cambio de modalidade á dirección do centro.

Que se estuda no BAC?

1º CURSO:

CIENCIAS	HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS		ARTES
	Itinerario de Ciencias Sociais	Itinerario de Humanidades	
1) Filosofía (3h) 2) Lingua Castelá e literatura I (3h) 3) Lingua Galega e Literatura I (3h) 4) Primeira Lingua estranxeira I (3h) 5) Educación Física (2h) 6) Matemáticas I (4h)	1) Filosofía (3h) 2) Lingua Castelá e literatura I (3h) 3) Lingua Galega e Literatura I (3h) 4) Primeira Lingua estranxeira I (3h) 5) Educación Física (2h) 6) Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I (4h)	1) Filosofía (3h) 2) Lingua Castelá e literatura I (3h) 3) Primeira Lingua estranxeira I (3h) 4) Lingua Galega e Literatura I (3h) 5) Educación Física (2h) 6) Latín I (4h)	1) Filosofía (3h) 2) Lingua Castelá e literatura I (3h) 3) Lingua Galega e Literatura I (3h) 4) Primeira Lingua estranxeira I (3h) 5) Educación Física (2h) 6) Fundamentos da Arte I (4h)
ELIXIR 2:	ELIXIR 2:	ELIXIR 2:	ELIXIR 2:
1) Bioloxía e Xeoloxía (4h) 2) Debuxo Técnico I (4h) 3) Física e Química (4h)	1) Economía (4h) 2) Historia do Mundo Contemporáneo (4h) 3) Grego I (4h) 4) Literatura Universal (4h)	1) Economía (4h) 2) Historia do Mundo Contemporáneo (4h) 3) Grego I (4h) 4) Literatura Universal (4h)	1) Cultura Audiovisual I (4h) 2) Historia do mundo contemporáneo (4h) 3) Literatura Universal (4h)

Específicas de Opción e Libre Configuración (escolles ata completar 6 horas)

Bioloxía e Xeoloxía (4h) Debuxo Técnico (4h) Física e Química (4h) Economía (4h) Grego (4h) Hª do Mundo Contemporáneo (4h) Literatura Universal (4h)	Anatomía Aplicada(3h) Debuxo Artístico(3h) Linguaxe e práctica Musical(3h) Tecnoloxía Industrial (3h)	Cultura Científica (2h) Francés (2h) TIC I (2 horas) Comunicación Oral I (1h) Relixión (1h)
---	--	--

QUE OFERTA DE BACHARELATOS TEMOS NO IES PINTOR COLMEIRO?

- HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS:

HUMANIDADES

CIENCIAS SOCIAIS

- CIENCIAS

COMO É A PROMOCIÓN NO BACHARELATO? Promocionarás de 1º a 2º cando superes todas as materias ou teñas avaliación negativa en dúas materias como máximo.

QUE TITULACIÓN ACADAS? O TÍTULO DE BACHAREL NA MODALIDADE QUE CURSARAS (é preciso ter todas as materias superadas).

QUE PODES FACER AO FINALIZAR O BACHARELATO?

- CICLOS FORMATIVOS DE GRAO SUPERIOR
- UNIVERSIDADE
- MUNDO LABORAL

RELACIÓN DOS BACHARELADOS COA [UNIVERSIDADE](#)

<http://www.usc.es/graos/>

<http://estudios.udc.es/gl/type/degree>

<https://www.uvigo.gal/estudar/que-estudar/estudios-grao>

BACHARELATO CIENCIAS:	BACHARELATO CIENCIAS SOCIAIS e XURÍDICAS:
Bioteecnoloxía	Xestión industrial da Moda
Bioloxía	Administración e Dirección de Empresas
Ciencias Ambientais	Ciencia Política e da Administración
Ciencias do Mar	Ciencias da Actividade Física e do Deporte
Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos	Ciencias Empresariais
Física	Comercio
Matemáticas	Comunicación Audiovisual
Química	Criminoloxía
CIENCIAS da SAUDE:	Dereito
Enfermaría	Dirección e Xestión Pública
Farmacía	Economía
Fisioterapia	Educación Infantil
Logopedia	Educación Primaria
Medicina	Educación Social
Nutrición Humana e Dietética	Pedagogía
Odontoloxía	Publicidade e Relacións Públicas
Óptica e Optometría	Relacións Laborais e Recursos Humanos
Podoloxía	Socioloxía
Psicoloxía	Traballo Social
Terapia Ocupacional	Turismo
Veterinaria	Xeografía e Ordenación do Territorio
ENXEÑARÍA e ARQUITECTURA:	Xornalismo
Arquitectura	
Arquitectura Técnica	BACHARELATO ARTES E HUMANIDADES
Enxeñaría Agraria	Historia
Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria	Historia da Arte
Enxeñaría Biomédica	
Enxeñaría Civil	Humanidades
Enxeñaría da Enerxía	Información e Documentación
Enxeñaría de Obras Públicas	Inglés: Estudos lingüísticos e Literarios
Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais	Lingua e Literatura Españolas
Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación	Lingua e Literatura Galegas
Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	Lingua e Literatura Inglesas
Enxeñaría Eléctrica	Lingua e Literatura Modernas

Enxeñaría Electrónica Industrial e Automática	Linguas Estranxeiras
Enxeñaría en Deseño Industrial e Desenvolvemento do Produto	Tradución e Interpretación
Enxeñaría en Organización Industrial	Xeografía e Historia
Enxeñaría en Química Industrial	Belas Artes
Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais	Filosofía
Enxeñaría en Xeomática e Topografía	Ciencias da Cultura e Difusión Cultural
Enxeñaría Forestal	Filoloxía Clásica
Enxeñaría Forestal e do Medio Natural	Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios
Enxeñaría Informática	
Enxeñaría Mariña	
Enxeñaría Mecánica	
Enxeñaría Náutica e Transporte Marítimo	
Enxeñaría Naval e Oceánica	
Enxeñaría Química	
Tecnoloxía da Enxeñaría Civil	
Robótica	

FORMACIÓN PROFESIONAL www.edu.xunta.es/fp

CICLOS FORMATIVOS DE GRAO MEDIO E SUPERIOR DE FP QUE PODES ESTUDAR NA COMARCA DO DEZA:

IES PINTOR COLMEIRO (SILLEDA):

CM DE [CONDUCCIÓN DE ACTIVIDADES FISICO- DEPORTIVAS NO MEDIO NATURAL](#)

CS [XESTIÓN DE VENDAS E ESPAZOS COMERCIAIS](#)

IES MARCO DE CABBALLÓN (VILA DE CRUCES):

CM DE [SOLDADURA E CALDEIRARÍA](#)

CM [ATENCIÓN A PERSOAS EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA](#)

IES LAXEIRO (LALÍN):

CM [ELECTROMECAÁNICA DE VEHÍCULOS AUTOMÓBILES](#)

CM [INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS E AUTOMÁTICAS](#)

CM [XESTIÓN ADMINISTRATIVA](#)

CS [MECATRÓNICA INDUSTRIAL](#)

CS [ADMINISTRACIÓN E FINANZAS](#)

IES RAMÓN M^a ALLER ULLOA (LALÍN)

CM DE [SISTEMAS MICROINFORMÁTICOS E REDES](#)

CS DE [DESENVOLVEMENTO DE APLICACIÓNS WEB](#)

IES ANTÓN LOSADA DIÉGUEZ (A ESTRADA)

CM [CARPINTERÍA E MOBLE](#)

CM [ELECTROMECAÁNICA DE VEHÍCULOS AUTOMÓBILES](#)

CM [EMERXENCIAS E PROTECCIÓN CIVIL](#)

CM [INSTALACIÓNS DE TELECOMUNICACIÓNS](#)

CM [SISTEMAS MICROINFORMÁTICOS E REDES](#)

CS [ADMINISTRACIÓN E FINANZAS](#)

[INFORMACIÓN DE TODAS AS FAMILIAS PROFESIONAIS](#)

COMO PODES ACCEDER A [CICLOS MEDIOS](#)?

- Co Título de graduado en ESO.
- Co Título de FP Básica
- Superando a proba de acceso (é necesario ter 17 anos cumpridos no ano en que se realiza a proba).

COMO PODES ACCEDER A [CICLOS SUPERIORES](#)?

- Cursando o bacharelato.
- Cursando un CM de FP
- Mediante proba de acceso.

ALTERNATIVAS SEN O TÍTULO DE GRADUADO EN ESO: [FP BÁSICA](#)

Finalidade da FP Básica: Que o alumnado mellore a súa formación para acceder ao mundo laboral ou a continuidade no sistema educativo (facer un Ciclo Medio de FP unha vez superada a FP Básica).

- **Título que se obtén:** O título profesional básico ten tanto valor académico como profesional. Ten os mesmos efectos laborais que o título da ESO e capacita para levar a cabo funcións de nivel básico de prevención de riscos laborais. Éste título permite o acceso aos ciclos formativos de grao medio (o [perfil de cada título](#) indica os ciclos de grao medio con preferencia de acceso).
- **Duración:** 2.000 horas, equivalentes a dous cursos académicos a tempo completo.

- **Que se estuda?**

a) **Módulos profesionais** (ligados ao perfil que elixas: servizos comerciais, informática, electricidade e electrónica ...).

b) Outros módulos:

b.1) Módulo de **Comunicación e sociedade:** Lingua Galega, Lingua Castelá, Lingua Estranxeira e Ciencias Sociais

b.2) Módulo de **Ciencias aplicadas:** Matemáticas, Ciencias

c) Módulo de formación en centros de traballo.

- **Requisitos de acceso**

- a) Facer 15 ou 16 anos no ano de inicio do ciclo formativo.
 - b) Ter cursado o terceiro curso de educación secundaria obrigatoria ou, excepcionalmente, ter cursado o segundo curso.
 - c) Ser proposto/a polo equipo docente ao pai, á nai ou á persoa que teña a titoría legal para a incorporación a un ciclo de formación profesional básica.
- Cumprirá, ademais, o consentimento do pai, da nai ou dos/das titores/as legais do alumno ou da alumna, para cursar estas ensinanzas.

FP BÁSICA OFERTADA NA ZONA:

SILLEDA: [Servizos Comerciais](#)

LALÍN:

IES Ramón M^a Aller Ulloa: [Informática de oficina](#)

IES Laxeiro: [Electricidade e Electrónica](#)

A ESTRADA: IES Antón Losada Diéguez

[Mantemento de vehículos](#)

[Servizos Administrativos](#)

VILA DE CRUCES: [Servizos Administrativos](#)

OFERTA FP BÁSICA GALICIA: [aquí](#)

ALTERNATIVAS SEN O TÍTULO DE GRADUADO EN ESO: ESA (ADULTOS)

Finalidade: Acadar o Título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria.

Requisitos (para cursar ESA no noso centro, 3^o e 4^o ESO):

- Ter todas as materias de 2^o de ESO aprobadas.
- Ter 18 anos (ou máis de 16 e un contrato laboral).

Durante 1 curso académico cursarás 3^o e 4^o de ESO:

1^o cuadrimestre: setembro/xaneiro (3^o ESO)

2^o cuadrimestre: xaneiro/xuño (4^o ESO)

Horario de tarde.

ALTERNATIVAS SEN O TÍTULO DE GRADUADO EN ESO: PROBA DE ACCESO A CICLOS MEDIOS

Finalidade: poder cursar un Ciclo Medio de Formación Profesional.

Hai unha convocatoria anual para inscribirse (a anterior saíu o 22 de decembro).

Requisitos:

- Cumprir 17 anos no ano da convocatoria e non ter os requisitos académicos para acceder aos ciclos medios.

De que te terás que examinar? A proba consta de tres partes:

Parte sociolingüística	Examinaraste de: Lingua castelá. Lingua galega. Ciencias sociais.
Parte matemática	Examinaraste de: Matemáticas.
Parte científico-técnica	Examinaraste de: CC da Natureza. Tecnoloxía.

Se tes dúbidas, pasa polo Dpto. de Orientación no primeiro recreo (de luns a venres).

